



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrechán
OURENSE

Na sesión celebrada na data que se indica, adoptouse o seguinte

A C O R D O:

Na cidade de Ourense, a tres de outubro de mil novecentos noventa e seis.



VISTO o expediente de clasificación do monte como veciñal en man común denominado " MONTE COMUNAL A VEIGA, REGUEIRO, A PONTE, A ESCUSALLA, A SENRA, A FONTAIÑA E O REQUEIXO", a favor dos veciños da Veiga, O Regueiro, A Ponte, A Escusalla, A Senra, A Fontaiña e Requeixo, no concello de Pontedeva.

RESULTANDO que con data 23 de xaneiro de 1995, tivo entrada na Delegación Provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes en Ourense, escrito dirixido ó Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común asinado por D. Eugenio Salgado Fernández, D. José Díaz Veloso e outros veciños dos pobos anteditos, solicitando se declare o monte como veciñal en man común.



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrechán
OURENSE

RESULTANDO que o Xurado Provincial en sesión celebrada o día 4 de outubro de 1995, acordou tomar en consideración o citado escrito e inicia-lo expediente de clasificación do monte designando instructores do mesmo a D. Abel Carvajales Santaefemia e D. Manuel Bouzas Costa, quenes aceptaron tal cargo, librándose mandamento para a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade de Celanova, e remitíndose comunicacións dirixidas ós veciños dos pobos , ó Ilmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial de Ourense, ó Ilmo. Sr. Delegado Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras públicas e Vivenda á Xerencia Territorial do Catastro, ó Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Pontedeva e ós Xefes dos Servicios de Estructuras e Desenvolvemento Rural, e de Montes e Industriais Forestais (que informa, en data 16 de novembro de 1995, que o monte áchase incluído no catálogo dos de utilidade pública da provincia co número 78-B denominado San Xusto e pertenza ós veciños da parroquia de Trado, << se ben non está consorciado nin con convenio coa Consellería de Agricultura>>) e de Extensión Agraria da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, publicándose Edictos no Diario oficial de Galicia (D.O.G. nº 133, do luns, 8 de xullo de 1996) e no taboleiro de anuncios do Concello de Pontedeva, durante o prazo dun mes segundo consta en dilixencia





CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrechán
OURENSE

extendida ó dorso do Edicto, polo Secretario do Concello, que durante o prazo sinalado en Edictos para que os interesados pudesen comparecer ou intervir no mesmo, en defensa dos seus dereitos, non consta presentada nengunha alegación.

RESULTANDO que a anotación preventiva de iniciación do expediente, practicouse no Rexistro da Propiedade de Celanova como segue:

Libro 18 do concello de Pontedeiva, folios 135 a 140, anotacións letras A das fincas 2.258 a 2.263.



RESULTANDO que na tramitación do expediente cumpríronse todas as formalidades legais.

VISTOS, a Lei Galega 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o seu Regulamento de 4 de setembro de 1992, así como o establecido na Lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e demais normativa aplicable.

CONSIDERANDO que o Xurado Provincial de Clasificación de montes veciñais en man común, ten Xurisdicción e competencia para



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrechán
OURENSE

coñece-los expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a teor do establecido no artigo 9 da citada Lei.

CONSIDERANDO que o tipo de comunidade xermánica que institue a Lei de Montes Veciñais en man común ten como características esenciais as seguintes: 1) Que os condominios únense por vínculos persoais de vecindade agrupados en parroquias, aldeas, lugares, caseríos ou barrios non constituídos formalmente en Entidades municipais; 2) Que polo tanto o número de titulares é variable e indeterminado; 3) Que o patrimonio colectivo é utilizado e aproveitado polo veciño, en canto membro da agrupación veciñal, faltando a idea de cuota no sentido xurídico - romano; 4) Que o patrimonio e a participación é inalienable, imprescriptible e inembargable; e 5) Que a comunidade é indivisible, non podendo os comuneiros pedi-la "actio communi dividundo".



CONSIDERANDO que segundo informacións e testimonios resulta que os montes citados son aproveitados e posuídos en réxime de comunidade xermánica polos veciños de A Veiga, Regueiro, Ponte, Escusalla, Senra, Fontaiña e Requeixo, no Concello de Pontedeva.

Os datos do citado monte son:



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrechán
OURENSE

CONCELLO: PONTEDEVA

DENOMINACIÓN: MONTE COMUNAL A VEIGA, REGUEIRO, PONTE ESCUSALLA, SENRA, FONTAÍÑA E REQUEIXO", integrado polas parcelas: Penedo do Monte; Coto do Marco, Coto da Casiña e Coto da Senra; Cota da Moura e Piñeiros Redondos; Faro, Meixadoiro, Coto da Veiga e Guerreiro.

COMUNIDADE: Veciños de A Veiga, Regueiro, Ponte, Escusalla, Senra, Fontaíña e Requeixo.

SUPERFICIE: 65 Has., aproximadamente, en conxunto.



- LINDEIROS parcela PENEDO DO MONTE (2.104 áreas):

Norte: comunais de Trado

Sur: Regengo

Leste: Escusalla

Oeste: tapadas da Seara

-LINDEIROS parcela COTO DO MARCO, COTO DA CASIÑA E COTO DA SENRA (3.000 áreas).

Norte: Auga levada, Caruto e Sartal.



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrechán
OURENSE

Sur: Fontiñas e Chao do Freixo.
Leste: Viña de Agosto e Salgada.
Oeste: Gorgozo.

LINDEIROS parcela COTO DA MOURA E PIÑEIROS REDONDOS (550
áreas)

Norte: Viña vella e Chao do Freixo.
Sur: Piniza
Leste: Toxal e as Pozas
Oeste: Escusalla.



LINDEIROS parcela FARO (96 áreas):

Norte: Carballeira da Veiga.
Sur: As Crebadas.
Leste: As Revoltas.
Oeste: Faro.

LINDEIROS parcela MEIXADOIRO (50 áreas):

Norte: Meixadoiro
Sur: Faro
Leste: Entre camiños
Oeste: Charco



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrechán
OURENSE

LINDEIROS parcela COTO DA VEIGA E GUERREIRO (700 áreas):

Norte: Ballote e Crebada.

Sur: Carballeira da Veiga.

Leste: Estrada de Deva.

Oeste: Huceiras.

CONSIDERANDO que das informacións recollidas resulta que os veciños de A Veiga, Regueiro, Ponte, Escusalla, Senra, Fontaiña e Requeixo, están conformes coa clasificación do citado monte como veciñal en man común.



CONSIDERANDO que a teor do disposto na Lei de Montes Veciñais en Man Común, o expediente de clasificación iniciouse por Acordo do Xurado, a instancia dos veciños dos pobos citados.

O XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACION DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMUN á vista dos antecedentes e fundamentos expostos e por unanimidade dos seus membros.

A C O R D A:



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrechán
OURENSE

PRIMEIRO.- CLASIFICA-lo monte denominado <<MONTE COMUNAL A VEIGA, REGUEIRO, PONTE, ESCUSALLA, SENRA, FONTAIÑA E REQUEIXO>> de 65 Has, aproximadamente, de superficie a favor dos veciños dos pobos de A Veiga, Regueiro, Ponte, Escusalla, Senra, Fontaiña e Requeixo, no Concello de Pontedevea (Ourense) e cos lindeiros descritos no Considerando terceiro, como veciñal en man común, en réxime de comunidade xermánica.



SEGUNDO.- Que se proceda á exclusión do citado monte de calquera inventario, catálogo ou Rexistro público no que poidan figurar inscritos a favor da persoa ou entidade distinta á que agora se asigna a súa pertenza.

Notifíquese esta Resolución ó Sr. Alcalde - Presidente do Concello, ós representantes das comunidades veciñais, ó Sr. Xefe do Servicio de Montes e Industrias Forestais, ós que se lles fará saber que contra esta resolución que esgota a vía administrativa poderase interpoñer recurso contencioso - administrativo, previa comunicación á que se refire o artigo 110. 3º da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrechán
OURENSE

e do procedemento administrativo común, no prazo de DOUS MESES
perante a Sala do contencioso - administrativo do Tribunal
Superior de Xustiza de Galicia contados a partir do día seguinte
ó da publicación da presente resolución no Diario Oficial de
Galicia.



[Handwritten signatures and marks]



Iván Rodríguez Jiménez, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

CERTIFICO:

Que na sesión do **4 de novembro de 2024** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

IX.-Solicitud de adquisición de terras realizada pola CMVMC de Cabreiroá, no concello de Verín, e pola CMVMC da Veiga, Regueiro, A Ponte, A Escusalla, A Senra, A Fontaiña e o Requeixo, no concello de Pontedeiva.

Ambas solicitudes foron autorizadas por resolucións do Departamento Territorial de Ourense. Polo que de acordo co artigo 57 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, as terras adquiridas son cualificadas polo Xurado Provincial como monte veciñal en man común.

Vº. e praxe

O Presidente do Xurado

José Antonio Armada Pérez



RESOLUCIÓN

Asunto: autorización de adquisición de terras por parte dunha CMMVVMC en Pontedeва

Solicitante: CMMVVMC da Veiga, Regueiro, A Ponte, A Escusalla, A Senra, A Fontaiña e O Requeixo

Expediente: OU-01-ADTER/23

ANTECEDENTES

Primeiro. O 07.09.2023 a CMMVVMC da Veiga, Regueiro, A Ponte, A Escusalla, A Senra, A Fontaiña e O Requeixo, no concello de Pontedeва, presentou unha solicitude (REXEL núm. 2023/2456561) na que comunican a formalización dun contrato de compravenda dun ben inmovible do que se solicita a súa inclusión dentro dos terreos comunais da súa pertenza e se emita un certificado xustificativo da súa condición de MVMC. Coa dita solicitude achegaban a seguinte documentación:

- Acta da asemblea xeral do día 10.03.2012 na que se autorizou a compravenda.
- Certificación do anterior acordo, emitido polo secretario da xunta reitora.
- Contrato privado de compravenda.
- Escritura pública de compravenda.
- Ficha catastral da parcela obxecto da compravenda.

Segundo. O Servizo de Montes desta xefatura territorial emitiu o 18.10.2023 un informe sobre a anterior solicitude, no que se indica o seguinte:

1. A parcela sobre a que se asenta o ben inmovible obxecto de adquisición non é estremera cos terreos do MVMC "Monte Comunal AVeiga, Regueiro, A Ponte, A Escusalla, A Senra, A Fontaiña e O Requeixo". Non obstante, o dito criterio non é un requisito habilitante da adquisición senón, en todo caso, un criterio habilitante do dereito de tanteo e retracto en caso de venda dun predio.

Por outra banda, dada a finalidade á que está reservada a parcela, considérase que o criterio de colindancia é irrelevante.

2. No que atinxe á motivación da operación, preténdese adquirir unha parcela urbana edificada de 172 m² (segundo a escritura privada) e de 164 m² (segundo a ficha catastral e maila escritura pública), con destino a local ou casa comunal. Esta finali-





dade considérase plenamente xustificada no sentido de facilitar o desenvolvemento ou cumprimento dos fins propios da comunidade.

3. Logo de consultar o aplicativo informático "XORFOR" (*Xestión e Ordenación Forestal*), comprobouse que a comunidade solicitante iniciou os trámites conducentes á aprobación do instrumento de ordenación ou de xestión obrigatorio, segundo recibos expedidos en datas 22.03.2022 e 24.10.2022.

Á súa vez, e logo de consultar o aplicativo "REIMON" (*Reinvestimentos en Montes*), comprobouse que a CMMVVMC non ten cotas pendentes por satisfacer nos últimos exercicios.

4. Finalmente, e segundo os datos existentes na sección provincial do Rexistro de MMVVMC, a comunidade está constituída e con xunta reitora en vigor ata o 18.04.2025.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O art. 57 (*Adquisición de terreos polas comunidades de montes veciñais en man común*) da Lei 7/2012 de montes de Galicia establece o seguinte:

1. As comunidades de montes veciñais en man común terán dereito de adquisición preferente tanto das superficies estremeiras, cuxa integración permita unha diminución ou mellor definición do perímetro do monte veciñal, como dos seus enclavados. No caso de que se exerza o dereito de adquisición preferente e unha vez consumada a adquisición, comunicarse ao xurado provincial de montes veciñais en man común, que integrará a superficie adquirida ao monte veciñal con plenos efectos xurídicos, modificando o perímetro e a extensión do dito monte, e que o comunicará ao correspondente Catastro e Rexistro da Propiedade, co fin de practicar a inmatriculación ou os asentamentos de inscrición oportunos.

2. O precitado dereito de adquisición preferente dos montes veciñais en man común rexerese polo disposto nos puntos 3, 4 e 5 do artigo precedente.

3. As adquisicións de terras por compra deberán ser motivadas pola comunidade veciñal titular no cumprimento dos seus fins, no interese xeral das persoas comuneiras, na defensa dos seus montes e dos seus accesos, no mellor aproveitamento dos recursos ou na mellora ou ampliación do monte veciñal en man común, e requirirá da autorización previa da Administración forestal, que deberá resolver a solicitude de compra no período máximo de tres meses. As terras adquiridas mediante compra serán cualificadas polos respectivos xurados provinciais de montes veciñais en man común como montes veciñais en man común e non poderán ser obxecto de permuta por un período mínimo de vinte anos. No caso de adquisición por doazón, non será precisa a dita autorización.

(...)

5. As comunidades de montes veciñais en man común terán plena capacidade xurídica para a realización de actos e negocios xurídicos vinculados á adquisición de novos terreos que redunden no beneficio da comunidade veciñal.





2. O art. 125.3 da citada lei establece o seguinte en relación ás *cotas mínimas de reinvestimento en MVMVC*:

Estas cotas de reinvestimento deberán investirse primeiramente na redacción ou na actualización do instrumento de ordenación ou de xestión obrigatorio, que deberá ser obxecto de aprobación pola Administración forestal, para a continuación dedicálas aos traballos programados no dito instrumento, para os custos en materia de servizos de xestión que a súa aplicación comporte ou para o seu deslindamento e posterior marcaxe. Só no caso de que os precitados investimentos estean satisfeitos polas cantidades xeradas nos ingresos nunha porcentaxe inferior á establecida no punto 1 deste artigo e cumpran todos os requisitos legais, poderase reducir esta cota mínima, logo da aprobación da Administración forestal.

Así mesmo, no punto 8 dese artigo indícase:

Os ingresos sobrantes, unha vez aplicada a cota correspondente e sempre consonte o estipulado neste artigo e segundo acorden os estatutos ou a asemblea xeral, poderanse investir, no todo ou en parte:

a) Na adquisición de montes, que serán cualificados polos respectivos xurados provinciais de montes veciñais en man común como montes veciñais en man común. (...)

3. O art. 57 do Decreto 260/1992 polo que se aproba o regulamento da Lei de montes veciñais en man común, especifica que *non se manterá relación administrativa por parte da Xunta de Galicia con comunidades veciñais sen previa certificación do encargado do Rexistro Xeral ou das súas seccións relativa á súa situación estatutaria, lexitimidade de quen ostente a súa representación e demais anotacións das que preceptivamente debe ter coñecemento.*

4. Por último, a Resolución do 19.06.2013, da Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes, inclúe a autorización para a adquisición por compra de terras polas CMMVMVC, consonte ó art. 57.3 da Lei 7/2012 de montes de Galicia, dentro das competencias delegadas nos xefes territoriais da Consellería do Medio Rural.

De acordo con todo o indicado anteriormente, **RESOLVO:**

Autorizar a adquisición, por parte da CMMVMVC da Veiga, Regueiro, A Ponte, A Escusalla, A Senra, A Fontaíña e O Requeixo, do ben inmovible obxecto da solicitude, no concello de Pontedeiva.

De acordo co disposto no art. 122.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, cabe interpor recurso de alzada perante o Conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ó da súa notificación.

O que se comunica para os efectos de notificación, segundo o previsto no art. 40.1 da Lei 39/2015.





Ourense, na data da sinatura electrónica

O xefe territorial

Luís Jorge Álvarez Ferro

Asinado por: ALVAREZ FERRO, LUIS JORGE
Cargo: Xefe territorial
Data e hora: 08/02/2024 11:39:47

CVE: 92julzuecSE1
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>





Iván Rodríguez Jiménez, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

CERTIFICO:

Que na sesión do **17 de febreiro de 2025** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

X.- Solicitud de revisión de esbozo do MVMC "Monte Comunal A Veiga, Regueiro, A Ponte, A Escusalla, A Senra, A Fontaiña e O Requeixo", pertencente á CMVMC de A Veiga, O Regueiro, A Ponte, A Escusalla, A Senra, A Fontaiña e Requeixo, no concello de Pontedeva.

O servizo de montes do Departamento Territorial de Ourense emitiu un informe favorable o día 7 de outubro de 2024 en relación coa citada solicitude. No mesmo se indica que segundo a resolución de clasificación o plano do monte dos veciños dos lugares A Veiga, O Regueiro, A Ponte, A Escusalla, A Senra, A Fontaiña e Requeixo do concello de Pontedeva está formado por cinco coutos redondos independentes entre si. A superficie clasificada suma aproximadamente 65 ha no seu conxunto distribuída en seis parcelas.

Despois da revisión dos perímetros das parcelas clasificadas o resultado da superficie total do monte é de 93,77 ha.

O Xurado Provincial, tendo en conta o informe favorable do servizo de montes, aprobou a solicitude de revisión de esbozo.

Vº. e praxe

O Presidente do Xurado

José Antonio Armada Pérez



VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

ANUNCIO do 10 de marzo de 2025, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a resolución relativa á revisión de esbozo do monte veciñal en man común Monte Comunal A Veiga, O Regueiro, A Ponte, A Escusalla, A Senra, A Fontaiña e Requeixo, no concello de Pontedeva.

Examinada a solicitude de revisión de esbozo formulada polos representantes do MVMC Monte comunal A Veiga, O Regueiro, A Ponte, A Escusalla, A Senra, A Fontaiña e Requeixo, pertencente á CMVMC de A Veiga, O Regueiro, A Ponte, A Escusalla, A Senra, A Fontaiña e Requeixo, no concello de Pontedeva, resultan os seguintes

Feitos:

Primeiro. O 30.4.2024 (número entrada no Rexel 2024/1456395) a CMVMC de A Veiga, O Regueiro, A Ponte, A Escusalla, A Senra, A Fontaiña e Requeixo presentou unha proposta de revisión de esbozo da planimetría do seu MVMC Monte Comunal A Veiga, O Regueiro, A Ponte, A Escusalla, A Senra, A Fontaiña e Requeixo, do concello de Pontedeva.

Coa solicitude achegou a seguinte documentación:

- Certificación do acordo da asemblea extraordinaria.
- Memoria e planos.
- Arquivos xeográficos en formato vectorial.

Segundo. O Servizo de Montes do Departamento Territorial de Ourense emitiu un informe favorable o día 7 de outubro de 2024 en relación coa citada solicitude. Nel indícase que, segundo a resolución de clasificación, o plano do monte dos veciños dos lugares A Veiga, O Regueiro, A Ponte, A Escusalla, A Senra, A Fontaiña e Requeixo, do concello de Pontedeva, está formado por cinco coutos redondos independentes entre si. A superficie clasificada suma aproximadamente 65 ha no seu conxunto, distribuída en seis parcelas.



O 21 de xuño de 2018, a comunidade de montes comprou unha casa no lugar da Veiga, que pasa a ser clasificada como veciñal en man común.

Despois da revisión dos perímetros das parcelas clasificadas, o resultado da superficie total do monte é de 93,77 ha:

1. Penedo do Monte (2.380 áreas).
2. Coto do Marco, coto da Casiña e coto da Senra (4.457 áreas).
3. Coto da Moura e Piñeiros Redondos (1.203 áreas).
4. Faro (83 áreas).
5. Meixadoiro (112 áreas).
6. Coto da Veiga e Guerreiro (1.140 áreas).
7. Casa do Pobo (1,64 áreas).

Tendo en conta o anterior, emíttese informe favorable sobre a revisión do esbozo do MVMC Monte comunal A Veiga, O Regueiro, A Ponte, A Escusalla, A Senra, A Fontaíña e Requeixo.

Consideracións legais e técnicas:

Único. A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, na súa disposición transitoria décimo terceira establece o procedemento de revisión de esbozos de montes veciñais en man común.

De acordo con ela, os esbozos de montes veciñais integrados nun expediente que, pola súa antigüidade, non reúnan as características de fiabilidade e precisión que exixen as novas técnicas topográficas poderán ser obxecto de revisión axustándose e completándose con aqueles datos e documentos que se consideren necesarios, en particular os requiridos para a súa inmatriculación no Rexistro da Propiedade.

De acordo cos feitos e fundamentos de dereito expostos, e tendo en conta o informe favorable do Servizo de Montes do día 7 de outubro de 2024, o Xurado Provincial



de Montes Veciñais en Man Común acordou, por unanimidade, o día 17 de febreiro de 2025:

Aprobar a proposta de revisión de esbozo do MVMC Monte comunal A Veiga, O Regueiro, A Ponte, A Escusalla, A Senra, A Fontaíña e Requeixo, pertencente á CMVMC da Veiga, O Regueiro, A Ponte, A Escusalla, A Senra, A Fontaíña e Requeixo, no concello de Pontedeva.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da citada Lei 13/1989, nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 10 de marzo de 2025

José Antonio Armada Pérez
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación
de Montes Veciñais en Man Común de Ourense



